



**A 2ª metade do
século XX
dende unha
perspectiva
Sociocultural**

INTRODUCCIÓN

Na segunda metade do século XX:

TRANSFORMACIÓNS moi profundas en todo o globo. son: rápidas, intensas e universais.

➤ **Dous ritmos diferentes:**

- a) **En Occidente (nas zonas cosmopolitas): no terceiro terzo de século aceleráronse os cambios.**
- b) **O resto da humanidade: a “Idade Media” na que vivían rematou nestes anos. DRÁSTICO.**

A "MORTE DO CAMPESIÑADO"

Redución abrupta da poboación activa dedicada ao sector primario en todo o globo.

Países do 1º mundo

Ata mediados de século gran parte da súa poboación seguía traballando no campo e no mar. NON OBSTANTE

Ningún país occidental nos anos 80 contaba con máis dun 10% da súa poboación dedicada ao sector primario (excepcións: Irlanda, España e Portugal)

- **Convertéronse nos principais produtores de produtos agrícolas destinados ao mercado mundial: MECANIZACIÓN**

- **AUMENTO DA PRODUTIVIDADE no campo**
- **Importancia do campesiñado rico: na URSS non saíu ben (kuláks arrasados).**

- **TRANSPORTE MODERNO decisivo**

Países do 2º e 3º mundo

- **Exemplos: China, Países de Latinoamérica e países islámicos occidentais había unha maioría campesiña nas décadas dos 50/60 que se reduce nas décadas dos 70/80.**
- **O proceso de mecanización foi incompleto.**
- **"Revolución verde": regadío**

PROBLEMAS

- **Especialización agrícola para o Mercado Mundial**
- **Desabastecemento da poboación**
- **Dependencia económica: saíalles máis barato comprar produtos subvencionados que producilos eles**



México, Fotógrafo
desconocido



Fotografía tomada por Manuel Iglesias, ca. 1960. España

O PROCESO DE URBANIZACIÓN

Cidades do 1º Mundo

- Eran as máis ricas
- Reduciron o seu tamaño: aumentou o prezo do solo —→ RAÑACEOS
- TRANSPORTE PÚBLICO URBANO BO
- Transporte privado para os máis acomodados

PERIFERIAS

Adoitaban ser zonas residenciais con áreas verdes + centros comerciais (EE.UU.)

Cidades do 2º e 3º Mundo

- Son as máis poboadas: El Cairo, Ciudad de México, São Paulo, Shanghai...
- Planificación urbanística inexistente
- Transporte público urbano: precario

PERIFERIAS

Tenderon a converterse en guetos e incluso barrios de chabolas (favelas Brasil)

Na década dos 80 o 42% da poboación mundial era urbana (contrapesos: India e China)




Los Ángeles, periferia cidade dormitorio



Caracas, contraste urbano

Jonathan
ALZUPO
FOTOGRAFIA

Familia e Fogar: realidade previa



1. Existencia do matrimonio formal con relacións sexuais privilexiadas para os cónxuxes.
2. Adulterio considerado unha falta
3. Superioridade do:
 - ◊ Marido sobre a muller (patriarcalismo)
 - ◊ Pais sobre os fillos
 - ◊ Xeracións máis anciás sobre as máis novas
4. Unidades familiares formadas por varios membros.
5. O núcleo fundamental da familia era a parella cos fillos, aínda que despois cohabitase con outros membros.


NOVA ORDE: ANOS 60-70-80

**FILLOS
"ILEXÍTIMOS"**

DIVORCIO

**AUXE DAS
FAMILIAS
MONOPARENTAIS**

**CRISE DA RELACIÓN
ENTRE OS SEXOS**



A Familia e o Fogar: Transformacións

♦ Razóns:

- ♦ **Maior tolerancia pública de diferentes condutas sexuais, tanto heterosexuais como homosexuais (estas últimas sobre todo a partir dos 80)**
- ♦ **ANTICONCEPTIVOS: venda xeneralizada nos 70.**
- ♦ **O ABORTO tamén se foi legalizando progresivamente nos países máis desenvolto.**
- ♦ **O CLIMA SOCIAL proclive á liberación sexual XA ESTABA PRESENTE, precisábase o RESPALDO LEGAL, que se foi acadando nestas décadas.**

ESTUDOS

**REQUIRIMENTO DE ESTUDOS BÁSICOS E SUPERIORES
PARA MOITOS OFICIOS**

+

**BUSCA DA ERRADICACIÓN DO ANALFABETISMO POR
PARTE DOS ESTADOS**

=

**Aumento da demanda de prazas de secundaria
e de estudos superiores**

ESTUDOS E ESTUDANTES

MUNDO CAPITALISTA

Antes da Segunda Guerra Mundial:

- Só en EE.UU. se xeneralizaran os estudos universitarios
- En Europa Occidental estes estudos seguían sendo moi elitistas: FRANCIA + ALEMAÑA + GRAN BRETAÑA xuntaban 150.000 estudantes universitarios

Isto cambia radicalmente nos anos 80

O número de estudantes universitarios multiplicouse: habitual que un 20% da poboación de entre 20 e 24 anos estivese recibindo educación superior.

MUNDO SOCIALISTA

- As taxas de analfabetismo baixaron moi rápido dende a instauración dos réximes.

PERO co aumento do número de estudantes (anos 70 e 80) o sistema comezou a atrasarse en comparación cos países occidentais.

A planificación económica non contara con isto

Na China de Mao, a educación superior suspendeuse entre 1966 e 1976 (na chamada revolución cultural). A economía moderna estaba preparada para xente con estudos pero non para TANTA.

Falamos de millóns de estudantes en países como: Francia, RFA, URSS, Italia, España, México, Brasil, India, Filipinas... FORZA SOCIAL IMPORTANTÍSIMA

CAMBIO DE MENTALIDADE

Canto maior nivel de estudos se teña, máis posibilidades existen de ascender socialmente.

CONTEXTO: Gran expansión económica mundial + asentamento das bases do Estado de Benestar => axudas para a educación: gran época.

MÁIS MOZOS PODEN ESTUDAR, non hai necesidade de diñeiro para a casa

En países ex-coloniais: fundáronse universidades nas capitais para non ter que enviar aos estudantes ás universidades das metrópoles: que seguía sendo unha forma de control colonial.

Nos países nos que existían ditaduras o colectivo estudantil foi o único que se movía e emprendía accións políticas (capaces de facelo): Latinoamérica.

CAMBIO NA CLASE OBREIRA

DECADENCIA DA CLASE TRABALLADORA INDUSTRIAL A PARTIR DOS 70

+

CRISE DOS PARTIDOS POLÍTICOS DE ESQUERDAS



- ◊ **Decadencia das vellas industrias (siderurxia, carbón, téxtil, naval... DESLOCALIZACIÓN**
- ◊ **Industria moderna → persoal especializado -> mellor pagado → nivel de vida medio-alto**
- ◊ **Os traballadores sen estudos foron despedidos**

**ENTRE 1973 E 1980 7 MILLÓNS DE PERSOAS DEIXARON DE TRABALLAR NO SECTOR INDUSTRIAL
SEN EMBARGO, A INDUSTRIA SEGUÍA DANDO TRABALLO A MOITA POBOACIÓN**

VÍNCULOS DE CLASE E COMUNITARIOS

SITUACIÓN DOS OBREIROS NO XIX

MISERIA + ABUSOS = NECESIDADE DE XUNTARSE EN SINDICATOS E APOIARSE ENTRE ELES

PERO, NOS ANOS 60-70-80... O ESTADO DE BENESTAR

Mellora as condicións
laborais e de vida

Protexe á poboación
máis desamparada

Facilita que mozos se
formen nas Universidades

ACABA ANULANDO ESTES VÍNCULOS AO SUBSITUÍLOS


Nace unha poderosa CLASE MEDIA sen conciencia de clase + SOCIEDADE DE CONSUMO


O OBREIRO ENRIQUÉCESE: "A PROSPERIDADE E A PRIVATIZACIÓN DA EXISTENCIA SEPARARON
O QUE A POBREZA E O COLECTIVISMO DOS ESPAZOS PÚBLICOS UNIRA".

PERO ESTE PARAÍSO SOCIAL NON DURA MOITO: A PARTIR DOS ANOS 70
TRIUNFAN AS POLÍTICAS NEOLIBERAIS E A PROTECCIÓN ESTATAL COMEZA A
DESMANTELARSE

A CULTURA DO INDIVIDUALISMO

- ♦ **Revolución cultural: RUPTURA DOS FÍOS QUE UNÍAN AOS INDIVIDUOS NO TECIDO SOCIAL → CAMBIOS NAS PAUTAS DE CONDUCTA**
 - ♦ Inseguridade de moitos individuos debido á ausencia de convencións
- ♦ **IGREXA E MODELO DE FAMILIA TRADICIONAL: DESFASADOS**
- ♦ **ÉXITO DO ESTADO DE BENESTAR: PROTECCIÓN SOCIAL**
 - ♦ Garante ingresos mínimos
 - ♦ Substitúe os lazos sociais
- ♦ **PROBLEMA: NEOLIBERALISMO → REPERCUSIÓN NA SOCIEDADE**
 - ♦ Capitalismo inhumano e descarnado + eliminación de subsidios públicos
 - ♦ Poboación máis pobre desamparada: DEMONIZACIÓN DAS CLASES BAIXAS
 - ♦ Exemplo: Gran Bretaña con Margaret Thatcher: “La sociedad no existe, sólo los individuos”.





A MULLER

MUNDO LABORAL

- ◆ Incorporouse entre as décadas dos 50 e dos 70
- ◆ Nestes inicios estaban peor remuneradas que os homes
- ◆ Oficios: telefonistas, enfermeiras, asistentes, dependentas, oficinas, coidado de persoas
- ◆ Tamén había mulleres traballando na industria téxtil

ENSINO

- ◆ Entrou de forma masiva nos 60... 1/2 do estudiantado nos 80
- ◆ Rápida integración da muller no ensino nos países socialistas
 - ◆ RDA con mellores datos que a RFA

MUNDO CAPITALISTA

- **Renacemento: MOVEMENTOS FEMINISTAS** dende a década dos 60, pouco a pouco foron difundíndose dende a clase media culta ao resto de grupos sociais. **DIFERENTES INTERESES**
- **NOVA CONCIENCIA SEXUAL A RAÍZ DAS LEIS DO DIVORCIO E DO ABORTO**
- **DIFUSIÓN DOS MÉTODOS ANTICONCEPTIVOS**
- **PARTIDOS DE ESQUERDAS COMEZAN A APOIAR AS RECLAMAS FEMINISTAS**
- **Comezaron a ocupar POSTOS EN POLÍTICA** dende os 60, pero sobre todo a partir dos 70-80
 - Foi cambiando a mentalidade tanto en relación co que o mundo esperaba das mulleres como o que elas mesmas esperaban delas

MUNDO SOCIALISTA

- **Comunismo: partidario da liberación feminina, non obstante, non había moitas mulleres nas filas do partido**
- **Ausencia de movementos feministas**
- **Mulleres que comezaran a traballar á forza: as súas reclamas eran diferentes**
- **Oficios que desempeñaban elas: DESVALORIZADOS**
- **Máis avances en liberdade sexual na RDA que na RFA.**
- **Pobreza material: non acceso a anticonceptivos e submisión á planificación económica**

○ FEMINISMO

- ◆ **FIGURAS DESTACADAS: SIMONE DE BEAUVOIR + BETTY FRIEDAN**
- ◆ **Proliferación de asociacións feministas que buscaban o recoñecemento legal da igualdade dos sexos → fundamentalmente en países occidentais**
- ◆ **Exemplos: Liga para a Institución do Divorcio (Italia), National Organization of Women:)EE. UU.), Movemento pola Liberación da Muller: Gran Bretaña, 1967 + na RFA (1968) + Italia e Francia en 1970... En España habería que esperar á morte de Franco en 1975**
- ◆ **FINALMENTE CHEGOU O RECOÑECIMENTO LEGAL**
- ◆ **1975: GB → SEX DISCRIMINATION ACT AND EQUAL PAY ACT: recoñecemento da igualdade absoluta de ambos sexos, pouco a pouco esta igualdade chegou a tódolos países occidentais... De aí que os movementos feministas fosen perdendo forza a raíz do ÉXITO**
- ◆ **1980: NOVA ETAPA → BUSCA DA IGUALDADE REAL ENTRE OS SEXOS**
- ◆ **Importancia da IV Conferencia da Muller en Pequín, convocada pola ONU: 1995: situación das mulleres coma un problema mundial, social e político.**



A XUVENTUDE: PROMOTORA DE CAMBIOS

Eríxese nestas décadas coma un novo GRUPO SOCIAL FORTE

1. **TENSIÓN CARA A AUTORIDADE e A ORDE TRADICIONAL**

1. Elite xerontocrática → progresivas **CONCESIÓN**S á xuventude
2. Mobilizacións dos anos 60-70 por todo o globo

2. **CULTURA XUVENIL**

1. Dominante nas economías desenvoltas de mercado: **NOVO OCIO, CONSUMO E INTERESES...MODA INSPIRADA NAS CLASES BAIXAS**
2. **CULTURA INDIVIDUALISTA, POPULISTA E ICONOCLASTA**
3. **CONSUMO DE MASAS:** moda, música, cosméticos... **JEANS E ROCK** (símbolos)

3. **INTERNACIONAL**

1. **Música internacional:** Janis Joplin, Jimi Hendrix, Bob Marley, Brian Jones...
2. **Difusión:** radio, revistas, televisión, **HEXEMONÍA CULTURAL ESTADOUNIDENSE** (non patriotismo)
3. **Programas de intercambios universitarios**



SEXO E DROGAS

- ◈ **“LAS RELACIONES SEXUALES COMENZARON EN 1963”**: convertéronse nalgo público, maior tolerancia social.
- ◈ **Visibilizáronse condutas antes condenadas, incluso consideradas promiscuas.**
- ◈ **Rexeitan as prohibicións sociais arredor da sexualidade**
- ◈ **HONRA DA MULLER** (chegar virxe ao matrimonio): **REXÉITASE.**
- ◈ **Busca ilimitada do desexo individual: o INDIVIDUALISMO EGOCÉNTRICO.**
- ◈ **Drogas**
- ◈ **A excepción do ALCOHOL E TABACO**, estas permaneceron nas subculturas máis marxinadas e baixas.
- ◈ **Comezaron a difundirse como XESTO DE REBELDÍA** e movidas polas sensacións que posibilitaban. Con todo, o consumo continuaba sendo ilegal.
- ◈ **MARIHUANA** (MÁIS DIFUNDIDA), **COCAÍNA** (CLASES ALTAS E BAIXAS) e **HEROÍNA** (CLASES BAIXAS)



ANO 1968

Neste ano rebelouse o mundo enteiro

- **Rexeitamento da intervención estadounidense na Guerra de Vietnam: protestas en Berlín, EE.UU...**
- **Protestas estudantís: París, Italia, México...**
- **PARÍS: O MAIO DO 68 FRANCÉS: FOLGA XERAL (cos sindicatos)→ final de De Gaulle**
- **Primavera de Praga: represión**
- **Loita contra a discriminación racial en EE.UU.: asasinato de Malcom X e Martin Luther King no 68:**
 - **Radicalización do movemento: Black Panthers (black power)**

CHOQUE DE MENTALIDADE ENTRE NOVAS E VELLAS XERACIÓNS



Jean-Claude Seïne,



REVOLUCIÓN CULTURAL: MOVEMENTOS SOCIAIS

◊ O PACIFISMO

- ◊ **BUSCABAN O DESARME NUCLEAR**

- ◊ **MOVEMENTO FORTE NOS ANOS 50-60 + 80**

 - ◊ **Declaración de Göttingen (1955) contra a nuclearización de Alemaña**

 - ◊ **En 1980 fundouse o END (Desarmamento Nuclear Europeo): aglutinou diferentes ideoloxías (igreja, extrema esquerda, socialdemócratas, comunistas occidentais...).**

◊ O ECOLOXISMO

- ◊ **Greenpeace: fundada en 1971 para evitar unha explosión nuclear en Alaska**

- ◊ **Celebración da Primeira Conferencia Mundial sobre o Medio en Estocolmo (1972): creou o PNUMA (Programa das Nacións Unidas para o Medio).**

- ◊ **En marzo de 1980 apróbase a Estratexia Mundial da Conservación da Natureza e publicouse o Informe Global 2000**

- ◊ **Seguíanse producindo catástrofes ecolóxicas: Bhopal (1984), Chernóbil (1986)...**